

TRANSPORTE METROPOLITANO

Cartos retidos, retrasos, incerteza e malestar



Hai un tempo atrás, titulares de prensa facíanse eco de que Redondela sería o concello no que se probaría o novo sistema de tarxetas do transporte metropolitano antes da súa implantación. Debido á proximidade das eleccións municipais, esa proba non se chegou a producir, e a Xunta de Galiza, nunha manobra electoralista, decidiu poñelo en marcha en toda a área. A día de hoxe, o tempo está poñendo as cousas no seu sitio, comezan a saír os froitos dunha xestión nefasta e dun sistema que tiña dúbidas dende o seu inicio. Tanto na súa financiación por parte dos Concellos, como no seu sistema e a imposibilidade de facer transbordos coas liñas da cidade de Vigo.

Usuarios/as do transporte metropolitano de Redondela trasladan a esta Agrupación que a incerteza e o malestar son un clamor nas liñas de bus de Redondela. Tarxetas que non funcionan, ou que hai que pasalas 7 ou 8 veces para rexistrar a viaxe. Se a tarxeta non funciona, vense obrigados a pagar o billete ordinario. Tamén denuncian retrasos nas chegadas aos seus destinos (traballo, citas médicas) por mor de que os condutores/as tardan moito en saír da parada, tentando que se produza a desexada lectura da tarxeta, operacións que as veces causan inseguridade debido a que os condutores/as tentan pasar a tarxeta co autobús en marcha. Ademais de todo iso, nas tarxetas que non funcionan, os usuarios teñen cartos retidos dos que non poden dispoñer.

A odisea non remata aquí nin moito menos, os problemas seguen cando un decide reclamar. Se un se dirixe a Abanca (empresa que expide as tarxetas), a contestación é simple, alegan que se as tarxetas se poden cargar no caixeiro, funcionan, polo que non proceden a cambiala por outra. Se te pos en contacto co servizo de atención do usuario do Portal do Transporte Metropolitano, a resposta é a seguinte:

“Bos días,

O novo plan baséase no uso dun novo medio técnico de cancelación: A tarxeta metropolitano de Galicia. Esta dispón, dun “chip de contacto” (para a lectura na entidade bancaria colaboradora dos movementos que se fixeron coa tarxeta) e unha “antena interna” (para a cancelación nos autobuses). Nalgúns casos, o feito de que funcione o chip de lectura bancaria non leva consigo que tamén o faga a antena.

Na Dirección Xeral de Mobilidade somos conscientes da problemática que existe á hora de detectar a orixe do problema. Xa que logo, para os efectos de habilitar unha solución, estamos a xestionar a adquisición de mecanismos de control portátiles que permitan verificar o funcionamento da antena interna (mecanismo que permite a cancelación). Deste xeito poderemos identificar en cada caso a orixe das incidencias e solucionarlas de inmediato. Quedamos á súa disposición para atender calquera dúbida ou observación que teña ao respecto.”

Traballar estarán traballando no asunto, pero as solucións non chegan e os usuarios e usuarias son os que están asumindo os prexuízos, tanto económicos como de transporte (retrasos nos horarios), unha situación que **non é responsabilidade dos usuarios.**